

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 21 DE MAIO DE 2024

PRESIDENTA:

A alcaldesa, D^a. María Dolores Pan Lesta

ASISTENTES:

D. Juan González Leirós
D. Daniel Mallo Castro
D. Ramón Boga Moscoso
D. David López Saborido
D^a María Yolanda Díaz Baldomir
D. Raúl Varela Fraguío
D. Manuel Castro Uzal

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D^a Lucía Mata Rodríguez

SECRETARIA XERAL:

D^a Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as nove horas do día vinte e un de maio do ano dous mil vinte e catro, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa, D^a. María Dolores Pan Lesta, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Juan González Leirós, D. Daniel Mallo Castro, D. Ramón Boga Moscoso, D. David López Saborido, D^a María Yolanda Díaz Baldomir, D. Raúl Varela Fraguío e D. Manuel Castro Uzal.

Asiste á sesión a interventora municipal, D^a Lucía Mata Rodríguez, e actúa como secretaria a secretaria xeral do Concello, D^a Pilar María Pastor Novo, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 14 DE MAIO DE 2024

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 14 de maio de 2024, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 14 de maio de 2024.

2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Xunta Electoral Provincial da Coruña, acordo de 14 de maio de 2024 para dar cumprimento ao previsto na alínea quinta da Instrución 4/2011, de 24 de marzo, da Xunta Electoral Central (Boletín Oficial do Estado número 74, de 28 de marzo), de interpretación do artigo 66 da Lei orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do réxime electoral xeral (LOREG), no relativo a recursos contra os planes de cobertura informativa da campaña electoral. DOG núm. 95, de 16-05-2024.

- Presidencia da Xunta Electoral Central, Resolución de 20 de maio de 2024, pola que se publica a distribución de espazos gratuítos de propaganda electoral nos medios de comunicación de titularidade pública de ámbito nacional en relación coas eleccións ao Parlamento Europeo de 9 de xuño de 2024. BOE núm. 123, 21-05-2024.

- Presidencia da Xunta Electoral Central, Resolución de 20 de maio de 2024, pola que se toma coñecemento do plan de cobertura informativa da Corporación RTVE para as eleccións ao Parlamento Europeo a celebrar o 9 de xuño de 2024. BOE núm. 123, 21-05-2024.

3.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas de área dende o día 10 ao 15 de maio de 2024, que comezan coa resolución da Alcaldía núm. 613/2024 e rematan coa resolución do concelleiro delegado da área de Economía, Facenda, Innovación Tecnolóxica e Seguridade Cidadá núm. 631/2024, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
613/2024	10-05-2024	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 14 de maio de 2024
614/2024	10-05-2024	Impoñer a MMC unha nova multa coercitiva polo importe de 2.000 €, polo incumprimento da orde de demolición ditada mediante resolución da concelleira delegada da área de Urbanismo e Medio Ambiente de data 13 de marzo de 2013, confirmada mediante resolución da Alcaldía de data 10 de xuño de 2013
615/2024	10-05-2024	Suspender inmediatamente os actos que están a realizar RLV e MACG en Pravio consistentes na reforma dunha vivenda, carecendo do preceptivo título habilitante, de acordo co artigo 152 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia
616/2024	10-05-2024	Aprobar a lista provisional de admitidos/excluídos ao concurso para a cobertura das seguintes prazas en proceso de estabilización de emprego temporal: unha praza de axente de desenvolvemento local, unha praza de enxeñeiro técnico, unha praza de conserxe e dúas prazas de operario de servizos
617/2024	13-05-2024	Comparecer no procedemento abreviado PA 48/2024 interposta pola representación procesal de Groma Obras S.L., contra o Concello de Cambre perante o Xulgado do Contencioso Administrativo número 1 da Coruña, exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á Asesoría Xurídica da excma. Deputación Provincial
618/2024	13-05-2024	Adxudicar ao Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, S.A a colocación de 8.000.000 euros a un 3,63% nominal de xuro, por un período de 1 ano, sen comisións nin gastos pola operación, nin penalización por dispoñibilidade anticipada, establecéndose que se o día do vencemento fose inhábil, tomarase como data de vencemento o seguinte día hábil
619/2024	13-05-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para

		alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: PME
620/2024	13-05-2024	Desestimar o recurso de alzada interposto en data 29.11.23 por AAS fronte ao acordo do tribunal cualificador do proceso selectivo convocado para a selección dun enxeñeiro técnico industrial interino e elaboración de relación de candidatos para nomeamentos de enxeñeiros técnicos industriais interinos
621/2024	13-05-2024	Levantar os reparos suspensivos emitidos pola intervención municipal, no informe de intervención de data 8 de maio de 2024. Aprobar as facturas por un importe total de 157.372,64 euros
622/2024	13-05-2024	Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal, no informe de intervención de data 1 de abril de 2024. Aprobar as facturas por importe total de 3.320,63 euros
623/2024	13-05-2024	Asignar o número 1-B, á vivenda e parcela de referencia situada no lugar de Lamiño, entidade Bribes, CP 15659, Cambre (A Coruña), segundo plano de situación que consta no expediente
624/2024	14-05-2024	Convocatoria da sesión extraordinaria da Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Innovación Tecnolóxica e Seguridade Cidadá para o xoves 23 de maio de 2024, ás 10.30 horas
625/2024	14-05-2024	Convalidar a presidencia do concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, na sesión da Comisión de Avaliación á que se refire a letra G das Bases reguladoras da convocatoria pública de subvencións municipais a entidades sen fin de lucro 2022, celebrada o pasado día 09.05.2024, con efectos retroactivos dende a dita data
626/2024	15-05-2024	Iniciar expediente de orde de execución a JAGM para a poda das polas da árbore existente na finca sita en Brexo, que invaden a vía pública, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e 19 da Ordenanza municipal de limpeza viaria
627/2024	15-05-2024	Solicitar unha subvención ao abeiro do disposto na Resolución do 14 de decembro de 2023, da Axencia Instituto Enerxético de Galicia, publicada no DOG núm. 244, do 27 de decembro de 2023, por importe de 15.000€, para a contratación dos servizos de asistencia técnica e/ou xurídica precisos para a definición das infraestruturas enerxéticas necesarias e a definición, elaboración dos estatutos que rexerán a operativa e xestión da comunidade enerxética a partir da súa constitución [artigo 2. Proxectos subvencionables, letra b) Planificación enerxética de comunidades enerxéticas constituídas ou en fase de constitución]
628/2024	14-05-2024	Incoar expediente de reposición da legalidade urbanística a JLCA pola realización de obras sen título habilitante nas fincas sitas en Brexo
629/2024	15-05-2024	Convocar sesión extraordinaria e urxente da Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Innovación Tecnolóxica e Seguridade Cidadá para mañá xoves 16 de maio de 2024, ás 11:00

		horas
630/2024	14-05-2024	Aprobar as despesas que se corresponden coa entrega a conta ao Consorcio das Mariñas do 20% da total aportación orzamentaria do concello de Cambre para o 1º e 2º trimestre de 2024 por importe de 52.054,40 €
631/2024	15-05-2024	Expedientes sancionadores de tráfico

4.- ASUNTOS SOBREVIDOS

Non se tratou ningún asunto sobrevido.

5.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formula ningún/ningunha.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as nove horas e dous minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

A presidenta

María Dolores Pan Lesta

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo